

**ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA
(AMICO)**

Memoria económica do ano 2022

1. ACTIVIDADE.

1.1.- Natureza.

No ano 1992 constitúese na cidade de Santiago de Compostela a Asociación de persoas con discapacidade de Compostela e comarca (AMICO), en réxime de autonomía e no campo delimitado pola lexislación vixente. Ao amparo do artigo 22 da Constitución, polo establecido na Lei 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociacións, a Lei 49/2002 de Mecenado, da demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa de aplicación, así como polo previsto nos seus estatutos, rexerese a entidade denominada Asociación de Persoas con Discapacidade de Compostela e Comarca, en adiante “AMICO”.

Inscríbese no Rexistro Provincial de asociacións da Xunta de Galicia, Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nº 1992/002968-1 (AC).

O domicilio da Asociación establecece na rúa Modesto Brocos, nº 7, bloque 3 baixos, en Santiago de Compostela, A Coruña.

Os fins fundacionais establécense como:

- A defensa da dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade
- A promoción da plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade, de actitudes sociais positivas cara a este colectivo, da lexislación axeitada que mellore a súa situación,
- A creación das condicións para que os socios poidan cumprir axeitadamente a misión, e a representación dos mesmos perante os ámbitos locais, provinciais, estatais e europeos
- O desenvolvemento de estratexias solidarias para acadar equilibrios interterritoriais, en termos de calidade e servizos.
- O desenvolvemento de programas e actividades dirixidos especificamente a mulleres, xuventude, persoas maiores, colectivos en risco de exclusión, voluntariado social, así como de iniciativas deportivas, culturais, educativas e de lecer, e calquera outro que poida contribuír á cumprimento da misión e AMICO e redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

1.2.- Actividade realizadas.

Entre as liñas de traballo do ano 2022, destácase o mantemento dunha actividade dirixida á ofrecer actividades axeitadas ás necesidades das persoas asociadas, continuar coa

reivindicación dos dereitos e melloras da contorna, fomentar o asociacionismo e analizar propostas de mellora asociativa. Dentro das actividades realizadas durante o ano 2022 salientamos:

- a) **Servizo de información e asesoramento:** Continuouse ofrecendo información ás persoas con discapacidade asociadas, así como ao resto de persoas e entidades que contactaron coa organización atendendo ás peticións concretas de diversa temática, dando resposta con medios propios ou canalizando cara profesionais especializados cando é preciso. A maioría dos 1.625 correos electrónicos recibidos e atendidos contiñan información xeral recibida de entidades e do sector público. Dende a asociación realizouse 23 difusión e deriváronse 6 consultas que precisaron resposta especializada.
- b) **Servizo de Rehabilitación XII:** Co apoio da Deputación de A Coruña a través da convocatoria de subvencións para mantemento de servizos sociais durante 2022 baixo o procedemento FOAXE-P/2022, a entidade Amico executou dende Xaneiro a Decembro, o programa que facilitou o acceso a tratamentos regulares de rehabilitación a un prezo máis axustado ás persoas con discapacidade, que incluía sesións individuais de fisioterapia, terapia ocupacional e ou logopedia, e unha actividade grupal de pilates adaptado de máquinas para persoas usuarias de cadeira de rodas da que se beneficiaron un total de 8 persoas. Tamén se prestaron 65 horas de asistencia persoal e/ou apoio ás persoas participantes da actividade grupal permitindo unha actividade favorecedora da autonomía persoal. O total de persoas beneficiarias foron 29 das cales 5 foron menores de idade. A distribución por sexo de participantes identifica que 15 foron mulleres e 14 homes. Os Concellos de procedencia foron Ames, Santiago, Rois e Rianxo. Executáronse 357 sesións de fisioterapia; 132 sesións terapia ocupacional; 54 sesións de logopedia. As actividades grupais desenvolvéronse habitualmente os martes laboráis en horario de 16.30 a 18.00 horas. O programa tamén conlevou a actualización do espazo específico da páxina web Amico Rehabilitación FOAXE-P/2022.
- c) **Actuacións de fortalecemento da entidade:** Ao longo do ano dende a Dirección da entidade, leváronse a cabo actuacións dirixidas á fortalecer a entidade, que pasa por manter o seu funcionamento dende a perspectiva legal e administrativa, pero tamén á súa contribución ao movemento asociativo en aras de alcanzar a misión e fins da asociación. Realizouse un conxunto de actuacións dirixidas á xestión asociativa, asentáronse as bases para impulsar a Campaña de captación de novas persoas asociada, fortalecemento e motivación da participación, actualización de contidos e difusión en espazos dixitais, elaboración de materiais de difusión, entre outras.
- d) **Actividades reivindicativas e colaborativas:** Impulsouse novamente o uso e promoción de aplicacións que favorecen á a identificación de barreiras e incidencias de

accesibilidade na nosa contorna, como a App Accesibilidapp; a App Liña Verde ou APP, Park4dis.

Trasládronse as queixas recibidas na entidade ante organismos oficiais por diversas canles. Remítíronse achegas á Nova Axenda Urbana en Santiago de Compostela, con un documento elaborado, á empresa que tiña contratada o Concello, para esta tarefa.

e) **Promoción do asociacionismo e participación activa:** Posto que AMICO forma parte da Federación provincial de COGAMI CORUÑA, colaboramos coa citada entidade mais coa propia COGAMI autonómica naquelas peticións que se nos solicitaron de cara á mellora da coordinación dos dereitos das persoas con discapacidade, como a través da difusión de actividades e participación no vídeo corporativo da Confederación.

f) **Outras actividades:** Destacou á participación da entidade na II Feira de Saúde de Bertamiráns, a colaboración con estudantado da Facultade de Xornalismo así como a xestión da Campaña de difusión, etc.

g) Mantivéronse as **xuntanzas de dirección periódicas** principalmente de xeito telemática, **mais a asemblea xeral** que nesta ocasión se levou a cabo en modalidade mixta permitindo tanto a presencialidade como a conexión a través de plataforma online .

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.-

2.1. - Imaxe fiel.

a) ***Imaxe fiel do patrimonio, situación financeira e contas anuais.***

As contas anuais do exercicio 2022 foron elaboradas a partir dos rexistros contables a 31 de decembro de 2022, e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade para PEMES e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable. Reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

En particular, aplícase o Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos á adaptación sectorial, resolución do ICAC de data 26/3/2013 (BOE nº 85 de 9/4/2013)

b) ***Razóns excepcionais de non aplicación de disposicións legais en materia contable.***

A Asociación Amico aplica as disposicións legais en materia contable.

c) ***Información complementaria adicional relativa á imaxe fiel.***

A Asociación non aporta información complementaria adicional relativa á imaxe fiel do patrimonio, por non resultaren precisa.

2.2.- Principios contables non obrigatorios aplicados.

Aplicanse todos os principios contables obrigatorios establecidos no Código de Comercio, no Plan Xeral de Contabilidade, e nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins de lucro, non sendo preciso apartarse dos mesmos nin aplicar outros alternativos.

2.3.- Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.

AMICO elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no seguinte exercicio.

Nas contas anuais adxuntas usáronse estimacións realizadas pola dirección da entidade, referidos basicamente á vida útil dos inmovilizados materiais e intanxibles. No caso de que no futuro deban ser cambiadas estas estimacións por un meirande coñecemento, axustaríanse de maneira prospectiva os valores contables afectados.

É posible que, a pesares destas estimacións realizadas en función da mellor información dispoñible á data de formulación das contas anuais sobre feitos analizados, se produzan acontecementos no futuro que obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) nos próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos de cambios de estimación nas correspondentes contas de perdas e ganancias futuras.

2.4.- Comparación da información.

A Asociación non modificou a estrutura do balance, da conta de perdas e ganancias con respecto ó exercicio anterior.

A información do exercicio que se informa é comparable coa do exercicio anterior amosada nos estados financeiros adxuntos.

2.5.- Elementos recollidos en varias partidas.

Non existen elementos recollidos en varias partidas.

2.6.- Cambios en criterios contables.

Non houbo cambios relativos ós criterios contables.

2.7.- Corrección de erros.

Non hai importes significativos cargados directamente á conta de Reservas de corrección de exercicios anteriores, sendo o importe neto, no ano 2022, de 155,00€ (268,34€ en 2021).

3. EXCEDENTE DO EXERCICIO.-

3.1.- Excedente do exercicio.

No exercicio 2022 obtense como resultado das actividades ordinarias de AMICO un excedente negativo de -563,00€.

3.2.- Aplicación de resultados.

A Xunta Directiva da entidade propondrá á Asemblea o traspaso do resultado do exercicio á partida *Compensación de resultados negativos de anos anteriores*, da seguinte forma:

<u>BASE DO REPARTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Excedente do exercicio	-563,00
Remanente	
Reservas voluntarias	
Outras reservas de libre disposición	
<u>TOTAL.....</u>	<u>-563,00</u>
<u>APLICACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
A fondo social	
A reservas especiais	
A reservas voluntarias	
A compensación de excedentes negativos de exercicio anteriores	-563,00
<u>TOTAL.....</u>	<u>-563,00</u>

3.3.-Limitacións na aplicación dos excedentes.

Non existen limitacións para a distribucións de resultados propostos no apartado 3.2.

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN DE CONTAS.-

4.1.- Inmobilizado intanxible.

O immobilizado intanxible recóllese no Balance cando é probable para a entidade, nun futuro, a obtención de beneficios ou rendemento económico a partir do mesmo, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual do PXC Pemes para ENL, apartado 5 punto 1). Ademais debe cumprir co criterio de identificabilidade, cumprindo o dito immobilizado con algún dos requisitos seguintes:

- Que sexa separable, é dicir, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.
- Que xurda de dereitos legais ou separables da entidade ou doutros dereitos ou obrigas.

AMICO non dispón de immobilizado intanxible.

4.2.- Inmobilizado material.

O immobilizado material recoñécese no Balance cando é probable para a entidade, nun futuro, a obtención de beneficios ou rendemento económico a partir do mesmo, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento

simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual do PXC Pemes para ENL, apartado 5 punto 1).

Preséntase a custo de adquisición, incluíndo no mesmo aqueles gastos adicionais nos que se incorreu ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoñen unha prolongación da vida útil dos elementos do inmovilizado, recoñécense como gastos no exercicio no que se producen.

A dotación anual da amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada.

4.3.- Terreos e construcións como investimentos inmobiliarios.

AMICO non posúe bens recollidos nesta partida durante o exercicio 2022.

4.4.- Bens integrantes do Patrimonio Histórico.

AMICO non posúe bens integrantes do Patrimonio Histórico.

4.5.- Permutas.

Durante o exercicio 2022 non existiron permutas.

4.6.-Créditos e débitos pola actividade propia.

Tanto os créditos como os débitos que aparecen no balance teñen un vencemento inferior ao ano, sendo curto prazo, orixinando o recoñecemento dun activo ou pasivo respectivamente polo seu valor nominal.

4.7.- Activos e pasivos financeiros.

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contrapartida. Considéranse polo tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

➤ **Activos financeiros.** Valóranse segundo a seguinte clasificación:

- *Activos financeiros mantidos para negociar:* inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ao seu valor razoable e, no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.
- *Activos financeiros a custo amortizado:* inclúense nesta categoría aqueles créditos orixinados polo tráfico habitual da actividade, así como aqueles activos financeiros que, non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, non teñen orixe comercial, e cuxos cobros son de contía determinada ou determinable. Valóranse inicialmente á custo, e nas valoracións seguintes a custo amortizado. Ao final do exercicio analízase se resulta preciso practicar deterioro de valor sobre os mesmos.
- *Activos financeiros a custo:* inclúense os investimentos en patrimonio de empresas do grupo,

multigrupo e asociadas, así como os demais instrumentos de patrimonio, agás que sexan clasificados como *Activos financeiros mantidos para negociar* ao menos a fins do exercicio; efectúase a corrección valorativa precisa se hai evidencia de que o seu valor é inferior ao contabilizado.

➤ **Pasivos financeiros.** Valóranse segundo a seguinte clasificación:

• *Pasivos financeiros a custo amortizado:* compostos por débitos, operacións de orixe comercial e débitos por operacións non comerciais, distintos de instrumentos derivados. Valóranse inicialmente polo custo equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida, e posteriormente polo custo amortizado.

• *Pasivos financeiros mantidos para negociar:* son os instrumentos financeiros derivados e valóranse cos mesmos criterios que os Activos financeiros mantidos para negociar.

4.8.- Existencias.

AMICO, a 31/12/2022, non posúe existencias en almacén.

4.9.- Transaccións en moeda estranxeira.

Durante 2022 non se produciron transaccións en moeda estranxeira.

4.10.- Imposto sobre beneficios.

Durante o exercicio económico 2022 as fontes de ingresos de AMICO consistiron fundamentalmente en subvencións, aportacións de usuarios e doazóns de patrocinadores/colaboradores.

Ao ser a AMICO unha entidade sen fins de lucro está parcialmente exenta do imposto de sociedades (art. 9.2 texto refundido Lei Imposto Sociedades), e só tributa por aqueles ingresos xerados por actividades económicas.

No ano 2022 AMICO non tivo ingresos xerados por actividades económicas.

4.11.- Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan, e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

No caso de contar con persoal, a entidade rexistraría os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devengaríanse no seu caso no mes correspondente e pagaríanse a mes vencido.

4.12.- Provisións e continxencias.

Non existen provisións e continxencias durante o exercicio 2022.

4.13.- Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse, con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto, e son recoñecidos na conta de Perdas e Ganancias

como ingresos sobre unha base sistemática, de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexístranse como pasivo ata que adquiren o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando cumpran as condicións polas que foron concedidas, e non existan dúbidas razoables para a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo á súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

- a) Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.
- b) Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.
- c) Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.
- d) Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se recoñece.

4.14.- Negocios conxuntos.

No ano 2022 AMICO non realizou negocios conxuntos.

4.15.- Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.

Durante o exercicio 2022 AMICO realizou transaccións con partes vinculadas, e que se detallan no punto 16 desta memoria.

5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS

INMOBILIARIOS.-

5.1.- Movementos durante o exercicio.

➤ Ano 2022, Inmovilizado material

CUSTO DE ADQUISICIÓN				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Equipos procesos Información	1.196,27	45,00		1.241,27
Utilexe	134,90			134,90
TOTAL...	1.331,17	45,00	0,00	1.376,17

AMORTIZACIÓN ACUMULADA					Valor neto Contable
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	
Equipos procesos Información	1.196,27	6,10	0,00	1.202,37	38,90
Utillaxe	55,25	44,52	0,00	99,77	35,13
TOTAL...	1.251,52	50,62	0,00	1.302,14	74,03

➤ **Ano 2021, Inmobiliado material**

CUSTO DE ADQUISICIÓN				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Equipos procesos Información	1.196,27			1.196,27
Utillaxe	134,90			134,90
TOTAL...	1.331,17	0,00	0,00	1.331,17

AMORTIZACIÓN ACUMULADA					Valor neto Contable
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	
Equipos procesos Información	1.196,27	0,00	0,00	1.196,27	0,00
Utillaxe	10,73	44,52	0,00	55,25	79,65
TOTAL...	1.207,00	44,52	0,00	1.251,52	79,65

5.2.- Arrendamentos financeiros e outras operacións.-

AMICO non tivo no 2022 arrendamentos financeiros, nin outras operacións de natureza semellante sobre activos non correntes.

5.3.- Correccións por deterioro.-

O inmobiliado de AMICO non sufriu deterioro de contía significativa que requira de ningunha corrección sobre os valores dos mesmos.

5.4.- Perdas e reversións por deterioro agregadas.-

Non tivo este tipo de movementos no ano 2022

5.5.- Cesión de inmobles.-

AMICO non realizou no 2022 cesión algunha de inmobles.

5.6.- Restricións á disposición dos inmobles.-

AMICO non tivo no 2022 restrición algunha a este respecto.

6. BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO.-

Non existen saldos dentro das partidas de balance incluídas dentro deste epígrafe.

7. USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA.-

ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA (AMICO)
CIF: G15385115

Correo electrónico: info@amico.es Páxina web: www.amico.es Teléfono: 663 551 316 – 981 574 698
Domicilio social: rúa Modesto Brocos, nº 7 bloque 3 baixos, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña. Entidade inscrita no Rexistro Provincial de asociacións da Xunta de Galicia, co nº 1992/002968-1 (AC);

O detalle dos saldos debedores a curto prazo recollidos no activo do balance de situación, epígrafe B).II., “Usuarios e outros debedores da actividade propia” están recollidos como Activos financeiros a custo amortizado, contabilízanse aplicando o principio de devengo, independentemente do momento do cobro das mesmas.

A súa desagregación é como segue:

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Socios/afiliados debedores	10,00	700,00	630,00	80,00
Usuarios da actividade	531,00	10.930,50	10.091,50	1.370,00
Outros debedores da actividade propia				
TOTAIS	541,00	11.630,50	10.721,50	1.450,00

8. BENEFICIARIOS-ACREDORES.-

Dentro do epígrafe C.IV do pasivo do balance de situación, “Beneficiarios-Acredores” non hai saldo inicial nin movementos posteriores.

9. ACTIVOS FINANCEIROS.-

9.1.- Desagregación de categorías de activos financeiros.

A composición por categorías dos activos financeiros a 31 de decembro é a seguinte:

Clases Categ.	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		TOTAIS
	Instrumentos de patrimonio	Créditos	Instrumentos de patrimonio	Créditos	
EXERCICIO 2022					
Préstamos e partidas a cobrar:				9.687,97	9.687,97
Inversións mantidas hasta o vencemento					
Activos fº mantidos para negociar					
Outros activos fº a v. Razoable					
Inversións emprs grupo, multigrupo e asocs					
TOTALES:	0,00	0,00	0,00	9.687,97	9.687,97
EXERCICIO 2021					
Préstamos e partidas a cobrar:				11.264,76	11.264,76
Inversións mantidas hasta o vencemento					
Activos fº mantidos para negociar					
Outros activos fº a v. Razoable					
Inversións emprs grupo, multigrupo e asocs					
TOTALES:	0,00	0,00	0,00	11.264,76	11.264,76

O detalle dos saldos correspondentes aos activos financeiros a curto prazo son como seguen:

Concepto	Saldo 2022	Saldo 2021
Debedores subvencións correntes (de actividades) a cobrar	8.072,25	10.555,47
Usuarios/afiliados	1.450,00	541,00
Periodificacións a curto prazo	165,72	168,29
Totais	9.687,97	11.264,76

A partida debedores por subvencións recolle o saldo debedor a 31 de decembro da Deputación da Coruña pola subvención de actividades Foaxe 2022 (igual que o saldo de 2021, que tamén pertence a Foaxe, pero do ano 2021).

9.2.- Movemento das contas correctoras por deterioro.

Non existen movementos das contas correctoras por deterioro.

9.3.- Activos valorados polo seu valor razoable.

A entidade non emprega este tipo de valoración para os seus activos financeiros.

9.4.- Movemento das contas correctoras por deterioro

Non existen movementos das contas correctoras por deterioro.

9.5.- Activos valorados polo seu valor razoable

A entidade non emprega este tipo de valoración para os seus activos financeiros.

9.6.- Empresas do grupo, multigrupo e asociadas.

Amico está asociada a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade dende o ano 1996.

10. PASIVOS FINANCEIROS.-

Desagregación das categorías de pasivos financeiros.

Clases Categ.	Instrumentos financeiros a longo prazo			Instrumentos financeiros a curto prazo			TOTAIS
	Débedas con entidades de crédito	Débedas l/p transf en subvs.	Outros acredores e contas a pagar a l/p	Débedas con entidades de crédito	Débedas c/p transf en subvs.	Outros acredores e contas a pagar	
EXERCICIO ACTUAL: 2022							
Débitos e partidas a pagar				0,00	0,00	6.083,99	6.083,99
EXERCICIO ANTERIOR: 2021							
Débitos e partidas a pagar				0,00	0,00	7.681,10	7.681,10

Sendo o detalle dos saldos o seguinte:

Concepto	2.022	2.021
Provedores	0,00	34,80
Provedores empresas grupo	86,40	7.621,80
Débedas con entidades do grupo	4.000,00	0,00
Outros acredores	1.979,59	6,50
Ingresos Anticipados	18,00	18,00
TOTAIS	6.083,99	7.681,10

A partida de “provedores empresas do grupo do grupo” recolle as débedas con Cogami e Meular. A partida “Outros acredores” recolle as débedas con acredores por prestación servizos

11. FONDOS PROPIOS.-

O Fondo Social está representado pola aportación fundacional da Entidade, incrementado polas entregas posteriores, maila acumulación de resultados positivos ou negativos que se produciron en anos anteriores.

A conta de Reservas voluntarias contén a conta de Reservas por axustes de anos anteriores, recollendo aqueles gastos e ingresos de exercicios anteriores ao 2022.

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Fondo social	5.810,78			5.810,78
Reservas voluntarias	-1.390,61	155,00		-1.235,61
Resultados exerc. anteriores	-816,37	575,86		-240,51
Resultado exercicio	575,86	-563,00	575,86	-563,00
Total F.P.....	4.179,66	167,86	575,86	3.771,66

12. SITUACIÓN FISCAL.-

12.1.- Imposto sobre beneficios.

AMICO non desenvolve actividade económica, á marxe das actividades propias, non lucrativas, e está parcialmente exenta do imposto de sociedades (art. 9.3 texto refundido Lei Imposto Sociedades). Durante o ano 2022 a entidade non realizou actividades económicas suxeitas ao Imposto de Sociedades.

a) Diferenzas temporais: A entidade non procedeu a rexistrar diferenzas temporais relativas ao imposto do exercicio 2022.

b) Antigüidade de créditos fiscais: No exercicio 2022 non realizou compensacións de bases impositibles negativas.

c) Incentivos fiscais: A Asociación non recibe incentivos fiscais.

d) Provisións e continxencias posteriores ao peche: Non existen provisións nin continxencias

ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA (AMICO)
CIF: G15385115

Correo electrónico: info@amico.es Páxina web: www.amico.es Teléfono: 663 551 316 – 981 574 698
Domicilio social: rúa Modesto Brocos, nº 7 bloque 3 baixos, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña. Entidade inscrita no Rexistro Provincial de asociacións da Xunta de Galicia, co nº 1992/002968-1 (AC);

de carácter fiscal para feitos posteriores ao peche do exercicio 2022.

e) **Circunstancias de carácter substantivo:** Non existen circunstancias deste tipo para o exercicio 2022.

12.2.- Outros tributos.

Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), as actividades non económicas desenvolvidas pola Entidade están exentas do Imposto del Valor Engadido (IVE), polo que todas as cotas soportadas por este imposto nas adquisicións, en xeral, constitúen un custo adicional das mesmas. Non existen circunstancias significativas con respecto ao resto de tributos durante o exercicio 2022.

Os saldos acredores, a final de ano, por impostos, coa Administración Pública son os seguintes:

Concepto	2.022	2.021
Facenda Pública acreedora por IRPF	686,25	0,00
Organismos Seguridade social acreedora	0,00	0,00
TOTAIS	686,25	0,00

13. INGRESOS E GASTOS.-

13.1. Desagregación da partida 3“Gastos por axudas e outros”.

Partida	ANO 2022 Importe €	ANO 2021 Importe €
Axudas monetarias e outros		
a) Axudas monetarias	0,00	0,00
c) Gastos por colaboración e do órgano de goberno	0,00	11,76
Total axudas monetarias	0,00	11,76

13.2. Desagregación da partida 6 “Aprovisionamentos”.

Partida	ANO 2022 Importe €	ANO 2021 Importe €
Compra de material para actividades	0,00	34,80
Traballos realizados por outras empresas (subcontratación Fisioterapia e Asistencia Persoal)	2.151,00	17.931,00
Total.....	2.151,00	17.965,80

13.3. Desagregación da partida 9 “Outros gastos de explotación”.

Partida	ANO 2022 Importe €	ANO 2021 Importe €
<i>Servizos externos</i>		
Alugueres e canons	54,90	0,00
Mantemento Páxina Web	339,77	864,11
Servizo Fisioterapia	8.700,00	
Servizo Terapia Ocupacional	2.700,00	
Servizo Logopedia	1.350,00	
Servizo Actividade Pilates	4.235,00	
Primas seguros	211,14	0,00
Servizos bancarios e similares	31,05	0,00
Publicidade, propag. e RRPP	98,74	137,58
Teléfono	137,81	205,78
Material oficina e fotocopias	19,75	300,69
Mensaxería e Correos	9,40	40,00
<i>Tributos</i>		
Outros tributos	39,57	176,79
Total Outros gastos explotación	17.927,13	1.724,95

13.4. Desagregación da partida 1 “Ingresos da entidade por actividade propia”.

Respecto dos ingresos procedentes de entidades ou organismos patrocinadores, doazóns, aportacións de persoas usuarias e cotas de persoas asociadas, o detalle é segundo segue:

Partida	ANO 2022 Importe €	ANO 2021 Importe €
<i>Ingresos da entidade por activ. propia</i>		
* Cotas afiliados/socios	560,00	580,00
* Aportacións usuarios	10.783,50	9.039,00
* Ingreso patrocinadores e colaboradores	0,00	0,00
* Subv., doazóns e legados afectas a actividade	8.222,25	10.703,47
Total Ingresos da actividade propia.....	19.565,75	20.322,47

14. SUBVENCÍONS, DOAZÓN E LEGADOS.-

As seguintes subvencións non reintegrables foron concedidas co obxecto de financiar gastos específicos, ou para asegurar unha rendibilidade mínima. Ditas subvencións foron traspasadas ao resultado do exercicio cando se produciu o gasto asociado.

Durante o exercicio a entidade considerará como non reintegrables (e polo tanto como “Débeda transformable en subvencións”) aquelas partidas aínda non executadas correspondentes a

subvencións xa concedidas, pero a executar en máis dun exercicio. No momento en que se executen traspasaranse dende a partida de débedas á partida correspondente de Patrimonio Neto.

Subvencións para a actividade propia

Durante o exercicio 2022 AMICO recibiu subvencións para actividades, todas elas non reintegrables.

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Subvencións de capital	0,00	0,00	0,00	0,00
Doazóns e legados de capital	0,00	0,00	0,00	0,00
Subvencións e doazóns de explotación	0,00	8.072,25	8.072,25	0,00
TOTAIS	0,00	8.072,25	8.072,25	0,00

As seguintes subvencións non reintegrables foron concedidas co obxecto de financiar gastos específicos, ou para asegurar unha rendibilidade mínima. Ditas subvencións foron traspasadas ao resultado do exercicio na medida en que se foi producindo o gasto asociado.

Concretamente no ano 2022 a entidade recibiu unha subvención da Deputación da Coruña do programa FOAXE que aparece reflexada na partida “Subvencións e doazóns de explotación”.

Subvencións e doazóns de actividades ano 2022					
SUBVENCIONES	Concedido	Executado		Por executar a 31/12/22	Regularizacións
		Antes 1/1/22	Ano en curso		
Subv. Deputación A Coruña 2021	8.072,25 €	0,00 €	8.072,25 €	0,00 €	0,00 €
Doazóns persoas físicas	150,00 €	0,00 €	150,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	8.222,25 €	0,00 €	8.222,25 €	0,00 €	0,00 €

Subvencións de capital

No ano 2022, Amico non recibiu subvencións de capital

15. ACTIVIDADE DA ENTIDADE/ APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS E GASTOS DE ADMINISTRACIÓN.-

Non existen excedentes procedentes de anos anteriores pendentes de aplicar a fines propios.

16. OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS.-

As operacións con partes vinculadas detállanse como sigue:

- a) Por compras ou prestación de servizos:

ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA (AMICO)
CIF: G15385115

Correo electrónico: info@amico.es Páxina web: www.amico.es Teléfono: 663 551 316 – 981 574 698
Domicilio social: rúa Modesto Brocos, nº 7 bloque 3 baixos, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña. Entidade inscrita no Rexistro Provincial de asociacións da Xunta de Galicia, co nº 1992/002968-1 (AC);

Entidades vinculadas	2.022		2.021	
	Compras	Ventas	Compras	Ventas
Combina Social s.l.	31,46		31,46	
Meular	936,00		936,00	
Grafinco	98,74		170,25	
Accede Social- Coinco				
Cogami, Confederación Galega de Persoas con Discapacidade	1.215,00		16.995,00	
TOTAL	2.281,20	0,00	18.132,71	0,00

Os saldos de carácter comercial a final do exercicio detállanse a continuación:

Asociacións vinculadas	2.022		2.021	
	Saldo Debedor	Saldo Acredor	Saldo Debedor	Saldo Acredor
Combina Social s.l.				
Meular		86,40		226,80
Grafinco				
Accede Social- Coinco				
Cogami, Confederación Galega de Persoas con Discapacidade				7.395,00
TOTAL	0,00	86,40	0,00	7.621,80

17. OUTRA INFORMACIÓN.-

17.1.- Retribución do órgano de goberno, e feitos posteriores ao peche.

Os órganos de Goberno de AMICO durante o ano 2022 non percibiron retribucións salariais nin dietas e/ou desprazamentos.

17.2.- Renovación da Xunta Directiva no ano 2022. Os membros da nova Xunta Directiva que se renovou en 2022 aumentou en dúas persoas nos cargos das vogalías, sendo os seus membros os seguintes:

Presidenta: Ana María Balboa Porto

Vicepresidente: Ignacio Rodríguez Sáez

Secretaria: María Jesús Pérez Piñeiro

Tesoureiro: Álvaro García Bustelo

Vogais: Mirta Gladys Pulleiro Landeira, María Jesús Pico Pardal, Patricia Vilas Iglesias, Alberto Pereira Ameneiro, Alberto Fernández Pérez, Antonio Vázquez Mayo.

17.3.- Non se produciron feitos posteriores ao peche do exercicio económico 2022 que afecten á formulación das contas anuais.

17.4.- Grao de execución orzamentaria 2022 e desviacións respecto á previsión.

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO EXERCICIO 2022- ASOCIACIÓN AMICO							
Epígrafes	Execución dos gastos orzamentarios			Epígrafes	Execución dos ingresos orzamentarios		
	Orzamento	Realización	Desviación		Orzamento	Realización	Desviación
OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO				OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO			
1. Axudas monetarias e outros	65,00 €		65,00 €	1. Ingresos da entidade pola actividade propia	20.790,00 €	19.565,75 €	1.224,25 €
a) Axudas monetarias				a) Cotas de usuarios e afiliados	9.440,00 €	11.343,50 €	-1.903,50 €
b) Gastos por colaboración do órgano do goberno	65,00 €		65,00 €	b) Ingresos de promocións, colab..			
2. Compras de bens destinados á actividade				c) Subvencións, doazóns e legados imputados ó resultado do exercicio	11.350,00 €	8.222,25 €	3.127,75 €
3. Gastos de persoal				2. Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade			
4. Servicios externos para a actividade propia	19.454,00 €	2.151,00 €	17.303,00 €	3. Outros ingresos			
5. Dotacións para amortizacións do inmovilizado	44,52 €	50,62 €	-6,10 €	4. Subvencións capital traspasadas a resultado do exercicio			
6. Outros gastos	1.179,11 €	17.927,13 €	-16.748,02 €	5. Ingresos financeiros			
7. Variación das provisións da actividade e perdas de créditos incobrables				6. Ingresos excepcionais			
8. Gastos financeiros e gastos asimilados							
9. Gastos excepcionais							
10. Imposto sobre sociedades							
Total gastos en operacións de funcionamento.....	20.742,63 €	20.128,75 €	613,88 €	Total ingresos en operacións de funcionamento.....	20.790,00 €	19.565,75 €	1.224,25 €

ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA (AMICO) CIF: G15385115

Correo electrónico: info@amico.es Páxina web: www.amico.es Teléfono: 663 551 316 – 981 574 698

Domicilio social: rúa Modesto Brocos, nº 7 bloque 3 baixos, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña. Entidade inscrita no Rexistro Provincial de asociacións da Xunta de Galicia, co nº 1992/002968-1 (AC);

17.5. Orzamento económico para o ano 2023

ASOCIACIÓN AMICO			
ORZAMENTO PARA O ANO 2023			
EPÍGRAFES	GASTOS ORZAMENTARIOS	EPÍGRAFES	INGRESOS ORZAMENTARIOS
OPERACIÓN DE FUNCIONAMENTO		OPERACIÓN DE FUNCIONAMENTO	
1. Axudas monetarias e outros	00,00	1. Ingresos da entidade pola actividade propia	34.532,00
a) Axudas monetarias		a) Cotas de usuarios e afiliados	17.892,00
b) Gastos por colaboracións e do órgano do goberno		b) Ingresos de promocións, colab.	
2. Compras de bens destinados á actividade		c) Subvencións, doazóns e legados imputados ao resultado.	16.640,00
3. Gastos de persoal		2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil	
4. Servizos externos para a actividade propia	1.123,20	3. Outros ingresos	
5. Dotacións para amortizacións do inmovilizado	52,48	4. Subvencións capital traspasadas ao resultado do exercicio.	
6. Outros gastos	32.855,59	5. Ingresos financeiros	
7. Variacións das provisións da actividade e perdas de créditos incobrables.			
8. Gastos financeiros e gastos asimilados			
9. Gastos excepcionais			
10. Imposto sobre sociedades			
TOTAL GASTOS OPERACIÓN DE FUNCIONAMENTO	34.031,27	TOTAL INGRESOS OPERACIÓN DE FUNCIONAMENTO	34.532,00

ANEXOS

1.- CONTAS ANUAIS EXERCICIO ECONÓMICO 2022

1.1. BALANCE ABREVIADO 2022

ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA (AMICO)
CIF: G15385115

Correo electrónico: info@amico.es Páxina web: www.amico.es Teléfono: 663 551 316 – 981 574 698
Domicilio social: rúa Modesto Brocos, nº 7 bloque 3 baixos, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña. Entidade inscrita no Rexistro Provincial de asociacións da Xunta de Galicia, co nº 1992/002968-1 (AC);



Memoria económica 2022 aprobada en Asemblea Xeral Ordinaria o mércores 21 de xuño de 2023 en Santiago de Compostela.

1.2. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA 2022

ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA (AMICO)
CIF: G15385115

Correo electrónico: info@amico.es Páxina web: www.amico.es Teléfono: 663 551 316 – 981 574 698
Domicilio social: rúa Modesto Brocos, nº 7 bloque 3 baixos, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña. Entidade
Inscrita no Rexistro Provincial de asociacións da Xunta de Galicia, co nº 1992/002968-1 (AC);

ANEXO 1.1. BALANCE ABREVIADO 2022

ASOCIACIÓN AMICO BALANCE ESFLPEMES AO PECHE DO EXERCICIO 2022

ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	2022	2021	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	2022	2021
A) ACTIVO NON CORRENTE		74,03	79,65	A) PATRIMONIO NETO		3.771,66	4.179,66
I. Inmobilizado Intanxible	5	0,00	0,00	A-1) Fondos propios	11	3.771,66	4.179,66
II. Bens do Patrimonio Histórico				I. Dotación fundacional/Fondo Social		5.810,78	5.810,78
III. Inmobilizado Material	5	74,03	79,65	1. Dotación fundacional/Fondo Social		5.810,78	5.810,78
IV. Investimentos inmobiliarios.		0,00	0,00	I I. Reservas		-1.235,61	-1.390,61
V. Investimento en entidades do grupo e asociadas a L/P		0,00	0,00	III. Excedentes de exercicios anteriores		-240,51	-816,37
VI. Investimentos financeiros a L/P		0,00	0,00	IV. Excedentes do exercicio	3	-563,00	575,86
VII. Activos por imposto diferido		0,00	0,00	A-2) Axustes por cambios de valor		0,00	0,00
				A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos			
B) ACTIVO CORRENTE		10.467,87	11.781,11	B) PASIVO NON CORRENTE		0,00	0,00
I.Existencias		0,00	0,00	I. Provisións a L/P		0,00	0,00
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	7 9 16	1.450,00	541,00	II. Débedas a L/P		0,00	0,00
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	7 9 16	8.072,25	10.555,47	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a L/P		0,00	0,00
IV. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a C/P		0,00	0,00	IV. Pasivos por imposto diferido		0,00	0,00
V. Investimentos financeiros a C/P		0,00	0,00	V. Periodificacións a L/P		0,00	0,00
VI. Periodificacións a C/P	9	165,72	168,29	IV. Pasivos por imposto diferido		0,00	0,00
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		779,90	516,35	C) PASIVO CORRENTE		6.770,24	7.681,10
				I. Provisións a C/P		0,00	0,00
				II. Débedas a C/P		0,00	0,00
				III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a C/P		4.000,00	0,00
				IV. Beneficiarios - Acredores		0,00	0,00
				V. Acredores comerciais e outras contas a C/P	10 16	2.752,24	7.663,10
				1. Provedores		86,40	7.656,60
				2. Outros acredores		2.665,84	6,50
				VI. Periodificacións a C/P		18,00	18,00
TOTAL ACTIVO (A + B)		10.541,90	11.860,76	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		10.541,90	11.860,76

As notas que se achegan na memoria forman parte deste balance

ANEXO 1.2. CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA 2022

ASOCIACION AMICO			
CONTA DE RESULTADOS ESFLPEMES CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2022			
	NOTAS DA MEMORIA	(Debe) Haber	(Debe) Haber
		2022	2021
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	13	19.565,75	20.322,47
a) Cotas de afiliados e socios		560,00	580,00
b) Aportacións de usuarios		10.783,50	9.039,00
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		0,00	0,00
d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio	14	8.222,25	10.703,47
e) Reintegro de axudas e asignacións		0,00	0,00
2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil		0,00	0,00
3. Gastos por axudas e outros	13	0,00	-11,76
a) Axudas monetarias		0,00	0,00
b) Axudas non monetarias		0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e de órgano de goberno		0,00	-11,76
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados		0,00	0,00
4. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación		0,00	0,00
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo		0,00	0,00
6. Aprovisionamentos	13	-2.151,00	-17.965,80
7. Outros ingresos da actividade		0,00	0,00
8. Gastos de persoal	13	0,00	0,00
9. Outros gastos da actividade	13	-17.927,13	-1.724,53
10. Amortización do inmovilizado	5	-50,62	-44,52
11. Subvencións, doazóns, e legados de capital traspassados ao excedente do exercicio	14	0,00	0,00
12. Exceso de provisións		0,00	0,00
13. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado			
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE		-563,00	575,86
14. Ingresos financeiros		0,00	0,00
15. Gastos financeiros		0,00	0,00
16. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros		0,00	0,00
17. Diferenzas de cambio		0,00	0,00
18. Deterioro e resultado por enaxeacións de instrumentos financeiros		0,00	0,00
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS		0,00	0,00
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS		-563,00	575,86
18. Imposto sobre beneficios	12	0,00	0,00
A.4) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO RECONECIDO NO EXCEDENTE DO EXERCICIO	3	-563,00	575,86
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE Ó PATRIMONIO NETO			
1. Subvencións recibidas		8.072,25	10.555,47
2. Doazóns e legados recibidos		150,00	148,00
3. Outros ingresos e gastos			
4. Efecto impositivo			
B.1) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO		8.222,25	10.703,47
C) RECLASIFICACIÓN AO EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Subvencións recibidas		-8.072,25	-10.555,47
2. Doazóns e legados recibidos		-150,00	-148,00
3. Outros ingresos e gastos			
4. Efecto impositivo			
C.1) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIÓN AO EXCEDENTE DO EXERCICIO		-8.222,25	-10.703,47
D) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)		0,00	0,00
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS		0,00	0,00
F) AXUSTES POR ERROS		155,00	268,34
G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL OU FONDO SOCIAL		0,00	0,00
H) OUTRAS VARIACIÓNS		0,00	0,00
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO.		-408,00	844,20

As notas que se achegan na memoria forman parte desta Conta de Resultados